

CIRCUITO CULTURAL 2018

Dende o Concello de Tomiño a cultura enténdese coma unha práctica social, construída no diálogo e na comunidade. Os cidadáns son máis que meros espectadores e consumidores da oferta, son actores da acción e participan na creación cultural, onde a Administración Local comparte responsabilidades, fomentando o pluralismo e a interculturalidade,

A creación e interpretación da música tradicional é un ben inmaterial que coñecemos, desfrutamos e é necesario coidar. Asumimos como responsabilidade impulsar a creación de novas agrupacións relacionadas co folclore musical local ofrecendo unha liña de axudas que permita o descubrimento e contratación das mesmas.

BASES DA CONVOCATORIA

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE.

As presentes Bases teñen por obxecto a promoción das agrupacións musicais tradicionais do Concello de Tomiño que figuren no Rexistro de Asociacións do Concello de Tomiño a través do “Circuíto Cultural 2018”, onde as asociacións que cumpran os requisitos, poderán ser contratadas por un terceiro cunha parte da súa retribución económica que será aboada por parte do Concello de Tomiño.

A efectos indicativos, considéranse como actividades ou eventos incluídos neste circuíto aquelas actuacións de grupos musicais relacionados coa música folclórica galega que se realicen dentro dos límites do Concello de Tomiño.

SEGUNDA.- DESTINATARIOS.

Poderán solicitar a inclusión no Circuíto Cultural as seguintes agrupacións: bandas de música, corais, bandas de gaitas, treboadas, pandereteiras, murgas ou charangas e grupo de acordeóns. As Comisións de Festas e outras entidades organizadoras

deberanse poñerse en contacto coas agrupacións que aceptaron participar no Circuito Cultural para contratalas e concretar a data da actuación, sendo exclusivamente un acordo entre as dúas partes.

TERCEIRA.- CONTÍA MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

As contías máximas dos distintos tipos de agrupación con sede social en Tomiño son as seguintes:

Banda de Música	400,00 €
Corais	200,00 €
Bandas de gaitas (con máis de 30 compoñentes)	300,00 €
Grupos de Gaitas	200,00 €
Treboadas	200,00 €
Pandereteiras	150,00 €
Murgas ou Charangas	150,00 €
Grupo de Acordeóns	150,00 €

O crédito orzamentario total comprende o gasto por importe de 14.000€ con cargo á partida 334.226.99 do vixente orzamento.

CUARTA.- SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Tomiño (Praza do Seixo, s/n, 36740, Tomiño) ata o 1 de decembro 2018 desde o día seguinte á publicación da convocatoria das presentes bases na páxina web <http://www.tomino.gal> e no Tablón de Edictos do Concello de Tomiño, conforme ao Modelo (Anexo I) que acompaña a estas Bases.

O prazo de presentación das solicitudes será cunha antelación mínima de 30 días á data da actuación solicitada. Toda aquela solicitude que sexa presentada fóra de prazo será desestimada.

QUINTA.- AUTORIZACIÓN DA ACTUACIÓN.

No prazo máximo dun mes dende a presentación da solicitude, a Concellaría de Cultura propondrá a autorización ou non da actuación solicitada.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGO.

O pago de dita aportación realizarase polo Concello previa presentación da factura correspondente da entidade e unha vez acreditada a súa realización no modelo oficial de xustificación de actuación (ANEXO II) debidamente cumprimentado, nun prazo máximo de trinta días a contar dende a data da actuación, en todo caso sempre antes do 20 de decembro de 2018.

SÉTIMO.- OUTRAS OBRIGAS DO CIRCUÍTO CULTURAL.

Son obrigas das agrupacións musicais participantes non realizar máis de oito actuacións ao ano, existindo así mesmo casos excepcionais autorizados polo Concello pola natureza do acto.

Son obrigas dos organizadores:

1. Incluír na publicidade realizada o texto “Colabora o Concello de Tomiño”.
2. Comunicar ao concello a obtención doutras axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou Entes públicos ou privados.
3. Pactar e consensuar coas entidades as datas e condicións do evento, debendo de dispor un escenario ou marco adecuado para efectuar a actuación correctamente, sendo exclusivamente un acordo entre as dúas partes.

4. De proceder ao pago dos dereitos de autor á SGAE (Sociedade Xeral de Autores e Editores) os custos correrán por conta dos organizadores e contratantes.
5. Non solicitar máis de unha solicitude por evento, existindo así mesmo casos excepcionais que o Concello poderá autorizar pola natureza do acto.
6. Desenvolver a actuación no Termo Municipal de Tomiño.

OITAVO.- DURACIÓN.

Estas Bases estarán vixentes ata o 30 de decembro de 2018.

Tomiño 08 de xaneiro de 2018.

Ana Cristina Martínez Souto
Concelleira de Cultura e Servizos Sociais

CIRCUITO CULTURAL TOMIÑO 2018

**ANEXO I:
SOLICITUDE DE GRUPOS ACOLLIDOS AO CONVENIO CIRCUITO CULTURAL**

DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome da entidade/comisión ou razón social: _____ CIF: _____
 Nome do representante: _____ DNI: _____
 Enderezo: _____
 Mail: _____ Teléfono: _____

SOLICITO:

Do Concello de Tomiño, a actuación do seguinte grupo/agrupación musical (o grupo que solicite terá que estar acollido ó Circuito Cultural de Tomiño 2018), para o día, hora e lugar que se indica:

DATOS DA ACTIVIDADE

Grupo solicitado: _____
 Data da actuación: _____
 Lugar da actuación: _____
 Hora da actuación: _____ Duración: _____
 Parroquia: _____
 Motivo da actuación: _____
 Custo total da actuación: _____ € Aportación do Concello: _____ €

Correspóndelle aos organizadores pagar o prezo das actuacións a maiores da aportación do Concello acordadas cos grupos.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A SOLICITANTE:

*Declaro, que a Comisión de Festas ou entidade que represento, non percibe outra axuda, subvención ou ingreso que financie a actuación solicitada, asumindo o compromiso de comunicar ao Concello a concesión de calquera outra axuda, subvención para o financiamento da actuación solicitada,; ou no seu caso,
 Declaro, que a Comisión de Festas ou entidade que represento, percibe ou ten solicitada outra axuda/subvención para o financiamento da actuación concedida pola entidade por un importe de €.*

Son coñecedor do acordo "Circuíto Cultural" e das condicións as cales unha vez lidas as
 acepto con esta solicitude:

Lugar:, Data: de de 2018

Asdo.: o/a solicitante _____

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE TOMIÑO